

Árbores

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

Antes de proceder á relación das especies arbóreas que, segundo a experiencia demostra, teñen unha boa adaptación en Galicia, é preciso ter en conta unha serie de normas básicas para mellorar a elección, o emplazamento, a plantación e o posterior desenvolvemento dos exemplares.

1.1. Dimensións da parcela

Coñecer as dimensións da parcela que se destina a xardín e a previsión do porte e da altura dos exemplares en estado adulto, servirá de guía para elixir as especies máis convenientes.

En Galicia podemos observar a miúdo os erros que se cometen ao plantar árbores de gran tamaño en estado adulto en pequenos xardíns. Este xeito de proceder conleva aspectos moi negativos como, por exemplo, a falta de perspectiva e de estética, problemas de competencia entre os exemplares polo necesario espacio vital, exemplares estragados e degradados, con deficiente crecemento ou o exceso de sombras no xardín que, ademais, se proxectan sobre os edificios e as casas.

Hai que ter moi presente a posibilidade de dispoñer na maioría dos casos da mellor luz solar posible xa que, agás unhas determinadas especies que prefiren a sombra ou a semisombra –e que xa se indican en cada relación deste traballo– as árbores precisan dunha boa exposición ao sol (unha das principais causas da súa louzanía e desenvolvemento). Tamén os edificios e as casas deben recibir boa luz solar e iluminación para evitar os graves problemas de humidades en paredes e muros.

Ao longo de todo o ano, Galicia recibe menos sol que outras comunidades. Precisamente por iso, é necesario que as plantacións nos xardíns galegos se proxecten pensando en evitar problemas que máis tarde poden presentarse por elementais fallos de previsión.

1.2. Orientación da parcela e da casa

A orientación da parcela e a situación da casa tamén son datos a ter moi en conta. Así:

Na parte Norte da parcela hai que plantar as especies máis resistentes e de maior porte. Desta maneira queda mellor protexido o resto do xardín das moi posibles inclemencias meteorolóxicas.

As árbores de folla caduca deixan pasar a luz solar no inverno e proxectan sombra durante o verán.

As árbores de folla perenne proxectan maior sombra en inverno que durante o resto do ano.

As árbores plantadas ao Este dan sombra pola mañá, mentres que as que se plantan ao Oeste dan sombra pola tarde.

1.3. Altura e porte prevista dos exemplares adultos

A altura e o porte previsto en estado adulto dos exemplares son datos para determinar a **distancia de plantación con respecto ao edificio** ou á casa co fin de evitar problemas como o exceso de sombra, as pólas moi próximas a muros e fiestras, raíces que poden afectar aos ali-cerces ...

A distancia de plantación mínima de seguridade para árbores de pequeno tamaño (ata 5 m) con respecto á casa é de 2 a 3 m.

Agora ben, para árbores de maior porte e altura, a distancia de seguridade ven determinada polo valor que resulta ao dividir por 2 a altura prevista en estado adulto.

Exemplo:

O Abies koreana (Abeto de Corea) adoita alcanzar cando adulto unha altura de 10 m. Polo tanto, a distancia de plantación correcta con respecto á casa é de 5 m.

Hai quen pensa que como as árbores tardan anos en alcanzar o seu estado adulto “xa se verá o que se fai no seu momento ...” En contra da opinión dos que así proceden hai que dicir que, excepto para persoas moi caprichosas, os parques e os xardíns se proxectan para que duren moitos anos.

O porte e a altura en estado adulto dos exemplares tamén proporcionan indicacións adecuadas para determinar a **distancia de plantación** que hai que gardar **entre eles**, evitando así a competencia entre pólas e raíces e procurando o mellor desenvolvemento dos exemplares para que luzan co seu maior esplendor.

Serve a seguinte regra: sumar as alturas en estado adulto dos exemplares e dividir por dous o resultado.

Exemplo:

¿Que distancia de plantación debemos gardar entre o Abies koreana (Abeto de Corea) e o Cedrus atlantica “Glauca” (Cedro azul)?

O Abeto de Corea alcanza unha altura cando adulto de 10 m., mentres que a do Cedro azul adoita ser de 20 m. Seguindo a regra comentada, a distancia de plantación correcta é de 15 m.

Desta norma xeral quedan excluídos os exemplares de porte columnar estreito (Cipreses, Juniperus -cimbros- ...) que teñen copa estilizada e base pouco ancha, e os casos de plantacións para cortinas e sebes.

1.4. Adquisición de exemplares

No momento de decidir a adquisición de exemplares no viveiro, será moi conveniente ter en conta:

- O viveiro ten que ser fiable e de garantía.
- O porte e a altura da árbore en estado adulto.

É mellor que os exemplares se desenvolveran en lugares con condicións de clima e de solo máis extremas que as existentes no xardín onde van ser plantados para o seu asentamento definitivo.

O normal é que os exemplares de follas caducas se vendan coas raíces espidas, mentres que os de follas perennes se ofrezan con cepellón (raíces protexidas por terra e envoltas en tela de saco ou plástico, así como dentro de testos ou outros contedores).

Hai que rexeitar aqueles exemplares que presenten signos ou **síntomas negativos**. Por exemplo:

- Nas plantas con raíz espida: tronco e pólas con fendas, murchado, sequidade, roturas, raíces escasas ou rotas e de cor branquecina, síntomas de enfermidades e/ou pragas, xemas demasiado visibles ...
- Nas plantas cultivadas en testo ou noutros contedores: follas descoloridas, secas, chamuscadas, escasas e con tonalidades de cor pardo vermella, sequidade, raíces que sobresaen do testo ou do contedor, malas herbas sobre a terra do contedor ou testo, contedores rotos, fendas e/ou roturas no tronco, pólas rotas, síntomas de enfermidades e/ou pragas ...

O tamaño dos exemplares no viveiro non é o máis importante á hora de mercar. Resulta conveniente adquirir exemplares novos con bo vigor. O normal é que as árbores máis desenvolvidas tarden moito máis tempo en consolidarse no solo do xardín.

Hai que asegurar o mellor transporte para os exemplares.

1.5. Época de plantación

A mellor época de plantación é a comprendida entre o 15 de xaneiro e o 15 de marzo de cada ano. Hai que elixir días con bo “tempero” (cando a terra non estea seca, pero tampouco demasiado húmida).

Os exemplares adquiridos en testo ou noutro contedor tamén poden ser plantados durante a primavera e, incluso, ata o final do mes de xuño.

1.6. A plantación

Os foxos de plantación non deben ser nin moi anchos nin moi estreitos. Abonda con que as raíces penetren sen dificultade, pero sen folganzas ou estreiteces.

Nos exemplares con raíces espidas o nivel de plantación con respecto ao solo ven determinado pola “marca” que sobre o tronco deixou o solo onde con anterioridade estiveron plantados (o punto onde a cor do tronco pasa de máis escuro a máis claro).

Nos exemplares con cepellón, o nivel de plantación ven determinado pola parte superior do mesmo.

Antes de encher o foxo de plantación hai que colocar e atar xunto ao exemplar o oportuno “titor” se é necesario.

Na plantación de exemplares con raíces espidas hai que tapalas cunha mestura composta por dúas partes de turba negra de boa calidade e unha parte de area grosa de río ou de canteira, completando o resto do foxo coa mesma terra extraída. De seguido, hai que apisoar para que a plantación quede firme, dando unha boa rega sobre a terra darredor da árbore.

Nos exemplares con cepellón hai que cubrir o resto do foxo que queda libre coa mesma mestura citada ata a metade do mesmo, completando o resto coa terra que extraímos. Tamén neste caso hai que apisoar e regar.

1.7. Mantemento

O mantemento posterior inclúe a poda necesaria para eliminar as pólas rotas, enfermas, danadas, secas e as que se “disparan” ou entrecruzan competindo negativamente con outras.

En Galicia, para as árbores ornamentais, e agás casos moi concretos, a mellor época de poda é a comprendida entre o 15 de xaneiro e o 28 de febreiro.

Cada ano, en primavera, convén aportar sobre a “coroa de rega” de cada árbore unha fina capa de esterco “feito” (ben fermentado) e un ou dous quilos de superfosfato (segundo o tamaño da árbore). Ambos produtos poden aplicarse á vez, repartíndoos uniformemente sobre a “coroa de rega”, dando un lixeiro labor de cava para que se mesturen coa terra superficial (con coidado para non prexudicar ás raíces). A continuación é importante efectuar unha abundosa rega.

Cada dous anos, en primavera (mes de maio), debemos facer unha lixeira pulverización aérea sobre as pólas e as follas de adubo líquido tipo 8-8-8 enriquecido con oligoelementos. Este adubo, que, insistimos, debe ser lixeiro, hai que aplicalo respectando as doses determinadas polo fabricante no envase, pois resulta moi importante na fase de xuventude dos exemplares.

A “coroa de rega” é o círculo de terra limpa que rodea a árbore, cun diámetro de un ou dous metros segundo o tamaño do exemplar. Manter

ben “traballada” esta “coroa de rega” é fundamental para o mellor estado da árbore.

Notas para os lectores:

- Para unha maior claridade e facilidade convén distinguir na relación das especies arbóreas que en Galicia se adaptan con bos resultados, tres apartados xerais: as Árbores, as Coníferas e as Palmáceas. Todas elas merecen a consideración de especies arbóreas, pois chegan a adoptar o porte arbóreo, independentemente do tamaño en adulto dos exemplares.
- As tallas (alturas) que se indican para o estado adulto están baseadas na observación directa en Galicia e noutras comunidades próximas. Son exemplares que non foron podados (agás a poda sanitaria necesaria) e que contan con anos dabondo para poder determinar a súa altura en estado adulto.
- Na relación de exemplares indícase a técnica de reprodución cando esta non presenta especiais dificultades para os afeccionados.

2. ESPECIES E VARIEDADES

Acacias (Mimosas). Teñen unha altura en adulto que oscila entre os algo máis de 10 m. da *Cyanophylla* ata os máis de 15 m. da *Melanoxylon*. Destacamos, tamén, os excelentes exemplares da *Decurrens* “*Dealbata*” e da *Retinodes*.

Presentan o inconveniente de ser moi “invasoras”.

Reprodución por renovos basais (brotes).

Aceres (Pradairos, Moscones) Acadan unha altura que varía entre os máis de 30 m. do *Pseudoplatanus* ata os 6 m. do *Palmatum* “*Atropurpureum*”. Este último destaca pola espectacularidade das súas follas de cor verde encarnada en primavera e en verán, que viran a vermello intenso en outono. Tamén merecen atención o *Negundo* “*Elegans*”, o “*Aureomarginatum*” (10 m. de altura) e o *Monspessulanum* (7 m) polas súas follas e os seus froitos (disámaras) colgantes. O *Rubrum* (20 m) ten as follas de cor vermella escarlata.

Son árbores que resisten ben a polución atmosférica.

Aesculus (Castiñeiros das Indias) O *Hippocastanum*, imponente, alcanza unha altura de máis de 15 m. O híbrido *Carnea* (sobre 12 m) presenta unhas fermosas flores de cor vermella púrpura. Unha variedade deste último, o “*Briotii*”, non adoita superar os 6 m. de altura.

Ailanthus (Ailanto, Árbore do ceo). O *Altissima* (algo máis de 15 m) é resistente á polución atmosférica e pode reproducirse por rebento.

Albizia (Mimosa de Constantinopla). A Julibrissin alcanza unha altura en adulto de ata 10 m. Non soporta o frío intenso e prolongado. Resulta moi apta para a franxa atlántica de Galicia, especialmente no entorno das Rías Baixas.

Resistente á polución atmosférica.

Alnus. De entre os *Alnus* (Ameneiros, Amieiros) destacan para xardinería o Incana “Pendula” (uns 10 m), o Incana “Aurea” (sobre 4 m) e o Glutinosa “Aurea” (non máis de 4 m).

Excelentes exemplares para plantar sobre solos con exceso de auga.

Reproducción por escallo.

Amelanchier (Guillomos) normalmente non superan os 4 m. de altura. Podemos escoller entre a *Grandiflora*, a *Lamarckii*, a *Ovalis* e a *Spicata*. Destacan pola súa fermosa floración en primavera e pola riqueza de cores das súas follas durante o outono.

Arbutus (Alvedro, Érbedo). O *Unedo* alcanza unha altura en adulto duns 8 m.

Betula (Bidueiro, Abidueira, Biduo). En xardinería ten moi boa aplicación o *Nigra* (8 m) e o *Pendula* (ata 10 m). Bos exemplares para ser plantados en solos con exceso de auga.

Callistemon (Escobillón vermello, *Callistemon*). O *Rigidus* cunha altura en adulto duns 3 m. Moi atractivo pola súa floración de cor vermella.

Moi apto para parques e xardíns da franxa atlántica galega, especialmente no entorno das Rías Baixas.

Camellias (Camelias, Camelios). Dúas especies: *Japonica* e *Williamsii*. Ao redor de 5 m. de altura, incluso algo máis.

Moi estendido en Galicia. As súas diversas variedades de diferentes flores encontran o seu mellor hábitat na franxa costeira galega, incluso algo máis ao interior, e de maneira moi especial no entorno das Rías Baixas.

Carpinus (Carpes). En xardinería encontran aplicación o *Betulus* “*Fastigiata*” (sobre 10 m) e o *Orientalis* (non máis de 4 m).

Moi resistentes á humidade, adáptanse ben en solos encharcados ou cos normais problemas por exceso de auga.

Castanea (Castiñeiro). Sativa. Alcanza os 20 m. de altura. Imponente e moi propio de Galicia.

En xardinería presenta un inconveniente: “ensucia” moito o solo.

Casuarina (Piñeiro de Australia). A *Equisetifolia* supera os 20 m. de altura. Apto para climas temperados, atopan o seu mellor lugar no entorno das Rías Baixas.

Reproducción por escallo.

Catalpa (Catalpa). *Bignonioides*. Altura en adulto: algo máis de 20 m. Atractivas flores. Un inconveniente: “ensucia” moito o solo.

Reproducción por escallo.

Celtis (Virgondoiro, Lodoeiro). O *Australis* alcanza unha altura en adulto de algo máis de 15 m. É bastante rústico, pero non tolera as xeadas intensas.

Cercidiphyllum (*Cercidiphyllum*). A especie *Japonicum*, cun fermoso colorido outonal nas follas, supera os 10 m. de altura.

Reproducción por escallo.

Cercis (Árbore do amor, Árbore de Xudas). O *Siliquastrum* alcanza uns 10 m. de altura.

Reproducción por rebento.

Citrus (Azahar, Laranxeiro de xardín, Laranxeira de xardín). O *Aurantium*, na súa variedade “Amara”, supera os 10 m. de altura.

Encontra o seu mellor hábitat na franxa costeira.

Cocculus (Coculo, Loureiro de tres nervios). O *Laurifolius* normalmente non supera os 8 m. de altura.

Encontra o seu mellor hábitat na franxa costeira atlántica, especialmente no entorno das Rías Baixas.

Reproducción por escallo e por abacelo.

Cordilyne (*Cordiline*, *Dracaena*). A *Australis* cunha altura en adulto duns 8 m.

Aínda que se atopan exemplares por case todo o territorio galego, encontra o seu mellor hábitat na franxa atlántica.

Cornus (Árbores frías, Árbores da rabia, Sangomiños). Con tres especies: Florida “Rubra” (sobre 9 m), Controversa (uns 8 m) e Sanguinea (sobre 4 m). Encontran o seu mellor hábitat na franxa atlántica.

Reproducción por escallo e por abacelo.

Corylus (Abeleira, Abelaneira). Catro especies: Abelá (ata 7 m), Abelá “Aurea” (non máis de 2 m), Abelá “Contorta” (uns 3 m) e Máxima “Purpurea” (non máis de 6 m).

Reproducción por escallo.

Cotinus (Árbore das perrucas). O *Coggyria* (ata 5 m) e o *Coggyria* “*Atropurpurea*” (ata 5 m).

Reproducción por escallo e por división de brotes basais.

Cotoneaster (*Cotoneaster*). Presenta dúas especies: *Nebrodensis* (tamén coñecido como *Tomentosus*), cunha altura en adulto non superior aos 2 m., e o *Simonsii* (non máis de 4 m).

Rústicos e de fácil cultivo, son resistentes á polución e aos ventos salinos.

Reproducción por escallo.

Crataegus (*Escambróns, Estripas*). Catro especies: *Azarolus* (non máis de 5 m), *Crus-galli* (sobre 4 m), *Monogyna* (non máis de 5 m) e *Oxyacantha* (sobre 4 m). Este último tamén é coñecido como *Laevigata*.

Floracións moi atractivas que, segundo as variedades, viran da cor rosa á vermella.

Rústicos e de fácil cultivo.

Cycas (*Cycas*). A *Revoluta* non supera os 4 m. de altura. Bos exemplares no entorno das Rías Baixas, onde encontran o seu mellor hábitat. Aínda que moitos a consideran palmácea, non o é.

Reproducción por brotes basais.

Datura (*Datura, Estramonio*). A *Suaveloens* chega a medir ata 5 m. de altura. Flores colgantes moi atractivas. Gusta da mellor exposición ao sol.

Davidia (Árbore dos panos). A especie *Involucrata*, con espectaculares flores brancas, encontra o seu mellor hábitat no entorno das Rías Baixas. Altura: sobre 12 m.

Reproducción por escallo.

Disanthus (*Disanthus*). A especie *Cercidifolius* alcanza unha altura en adulto de ata 3 m. Rústico e de fácil cultivo.

Elaeagnus (Árbore do paraíso). A especie *Angustifolia* (ata 7 m) encontra o seu mellor asento na franxa costeira de Galicia, aínda que tamén se atopan bos exemplares máis ao interior.

Embothrium (*Embothrium*). Presenta dúas variedades: a *Coccineum* “*Lanceolatus*” e a *Coccineum* “*Norquínco Valley*” que alcanzan unha altura en adulto duns 4 m. Hai que plantalos ao resguardo do vento e coa mellor exposición ao sol posible.

Erythrina (Árbore de coral, Ceibo). A especie *Crista-galli* alcanza unha altura en adulto duns 3 m. Ten unhas bonitas flores de cor vermella

agrupadas en acios. Encontra o seu mellor lugar na franxa costeira atlántica, en especial no entorno das Rías Baixas.

Eucryphia (Eucryphia). Dúas variedades: Glutinosa (ata 4 m) e o híbrido de folla perenne Nymansensis “Nymansai” (6 m). Hai que plantalos á sombra e ao abrigo do frío. Adáptanse mellor no entorno das Rías Baixas.

Fagus (Faia). Da especie Heterophyla teñen aplicación na xardinería a “Aurea pendula” (10 m), a “Pendula” (10 m) e a “Purpurea pendula” (10 m). Son árbores de aspecto chorón cunha atractiva coración nas follas. Da especie Sylvatica hai que citar a “Pendula” (10 m) e a “Purpurea pendula” (10 m), ambas con aspecto chorón.

Reproducción por rebentos basais.

Fatsia (Fatsia, Aralia). A especie Japonica (non máis de 4 m) encontra o seu mellor hábitat no entorno das Rías Baixas. Reproducción por escallo.

Ficus (Figueira). A especie Carica (algo máis de 5 m), aínda que se atopa pola meirande parte do territorio galego, encontra o seu mellor hábitat no entorno das Rías Baixas. Presenta un inconveniente: “ensucia” moito o solo. Reproducción por escallo ou por rebento.

Fraxinus (Freixo). Tres especies: a Excelsior (20 m) e as súas variedades “Jaspidea” (ata 7 m) e “Pendula” (ata 10 m); a Ornus (ata 10 m) e a Oxycarpa “Raywood” (sobre 10 m).

Árbores rústicas e de fácil cultivo, toleran a polución atmosférica e os ventos salinos.

Ginkgo (Ginkgo). A especie Biloba (máis de 10 m). Reproducción por escallo. Aínda que moitos o inclúen como conífera, non o é.

Gleditsia (Mimosa de tres espiñas). Da especie Triacanthos debemos destacar dúas variedades: a “Elegantissima” (non máis de 6 m) e a “Sunburst” (non máis de 6 m). Hai que plantalos con boa exposición ao sol.

Grevillea (Carballo australiano) na súa especie Robusta (máis de 15 m). Encontra o seu mellor lugar na franxa atlántica de Galicia, especialmente no entorno das Rías Baixas. Reproducción por escallo.

Gymnocladus (Raigón do Canada). A especie Dioicus (máis de 20 m) é rústica e de fácil cultivo. Reproducción por brotes e rebentos basais.

Halesia (Halesia) na súa especie Monticola (máis de 20 m). Convén plantala nun lugar protexido do vento. Reproducción por escallo.

Hippophae (Espinho amarelo). A especie Rhamnoides alcanza unha altura de ata 10 m. Rústica e de fácil cultivo, resiste a salinidade. Reproducción por escallo.

Hoheria (Hoheria) na súa especie *Sextylosa* (ata 4 m). Hai que plantala ao abrigo do vento e do frío intenso. Encontra o seu mellor lugar no entorno das Rías Baixas.

Idesia (Idesia). Unha especie: a *Polycarpa* (sobre 12 m). Rústica e de fácil cultivo.

Ilex (Acivro, Acibeiro, Escornacabras). A especie *Aquifolium* (ata 10 m) con dúas variedades singulares: a “*Argentea marginata*” (beiras das follas de cor branca prateada), a “*Argentea aureomarginata*” (beiras das follas de cor amarela dourada). Outras variedades para poder elixir: “*Golden Queen*”, “*Madame Briot*”, “*Pyramidalis*” ... Son árbores resistentes á contaminación atmosférica e aos ventos salinos. Reproducción por escallo.

Juglans (Nogueira, Noceira). Dúas especies: *Nigra* (máis de 20 m) e *Regia* (máis de 20 m). Árbore rústica e de fácil cultivo. Convén plantalas ao abrigo das xeadas intensas.

Koelreuteria (Xaboneiro de China, Árbore chinés do verniz). A especie *Paniculata* alcanza unha altura duns 12 m. Convén plantala ao abrigo das xeadas fortes e coa mellor exposición ao sol. Adáptase mellor no entorno das Rías Baixas.

Reproducción por escallo.

Laburnum (Chuvia de ouro). O *Anagyroides* e o *Anagyroides* “*Pendulum*” (ambos cunha altura duns 6 m). Presenta unha espectacular floración con flores amarelas en acio. Plantar coa mellor exposición ao sol. Reproducción por rebentos basais.

Lagerstroemia (Árbore de Xúpiter). A especie *Indica* (sobre 15 m) agradece ser plantada ao abrigo das fortes xeadas, atopando o seu mellor lugar no entorno das Rías Baixas. Reproducción por escallo.

Laurus (Loureiro) na súa especie *Nobilis* (ata 12 m). Árbore rústica e moi propia de Galicia, resiste ben as baixas temperaturas. Reproducción por escallo.

Ligustrum (Alfaneiro). A especie *Japonicum* alcanza unha altura de ata 3 m. Rústica e de fácil cultivo. Reproducción por escallo.

Liquidambar (Liquidambar). A especie *Styraciflua* (uns 20 m) presenta un bonito colorido outonal nas follas. Reproducción por escallo.

Liriodendron (Tulipero de Virxinia). A especie *Tulipifera* alcanza unha altura cando adulta de máis de 20 m. Atractivo colorido amarelo verdoso nas flores e follas de forma singular con dous lóbulos na base das mesmas. Agradece a mellor exposición ao sol.

Magnolia (Magnolia, Magnolio). Tres especies: a *Grandiflora* (máis de 15 m), a *Setellata* (ata 3 m) e o híbrido *Soulangiana* (ata 5 m). Esta últi-

ma presenta a singularidade de que as flores aparecen antes que as follas. Destacamos tres das súas variedades: “Alba superba”, “Alexandrina” e “Picture”. Árbore moi propia de Galicia, onde existen fermosos exemplares. Agradecen a mellor exposición ao sol e o resguardo do vento frío.

Reproducción por escallo e por abacelo.

Malus (Mazairas silvestres, Maceiras silvestres). Tres especies: a Floribunda (non máis de 6 m), a Purpurea (non máis de 6 m) e a Sylvestris. Desta última é preciso citar tres variedades: “Golden hornet” (3 m), “John Downie” (ata 5 m) e a “Montreal beauty” (ata 5 m). Agradecen a mellor exposición ao sol. Reproducción por escallo.

Melaleuca (Melaleuca). A súa especie *Armillaris* (ata 4 m) conforma unha atractiva árbore que encontra o seu mellor hábitat na franxa atlántica galega, especialmente no entorno das Rías Baixas. Reproducción por escallo.

Melia (Melia, Cinamomo, Agriaz). A *Azedarach* alcanza unha altura en adulto de ata 10 m. Non atura as xeadas fortes. Atopa o seu mellor hábitat na franxa atlántica de Galicia. Reproducción por escallo.

Metrosideros (Árbore das bruxas, Árbore do ferro). A súa especie *Tomentosa* (15 m) forma unha árbore con atractiva floración vermella de estames sobresalientes. Adáptase mellor na franxa costeira galega, aínda que tamén se encontran moi bos exemplares máis cara ao interior. Reproducción por escallo e por abacelo.

Morus (Moreira). Dúas especies: *Alba* (máis de 10 m) e *Nigra* (máis de 10 m). Da primeira hai que destacar dúas variedades de menor altura: “*Macrophylla*” (ata 6 m) e “*Pendula*” (ata 6 m). Agradecen ser plantadas coa mellor exposición ao sol. Poden ser reproducidas por escallo.

Nerium (Loendro, Adelfa). A especie *Oleander* conforma unha planta arbórea de ata 5 m. de altura. Moi apreciada pola súa floración. Encontra o seu su mellor hábitat no entorno das Rías Baixas. Reproducción por escallo e por abacelo.

Nothofagus (Faia austral). A súa especie *Antarctica* alcanza unha altura de ata 10 m. Plantar a pleno sol e ao resguardo do vento.

Olea (Oliveira) coa súa especie *Europaea* (sobre 10 m). Reproducción por brotes ou renovos.

Parrotia (Parrotia). Especie *Persica* (máis de 15 m). Plantar coa mellor exposición ao sol.

Paulownia (Paulownia) na súa especie *Tomentosa* (máis de 15 m). Plantar ao abrigo do vento frío e coa mellor exposición ao sol. Reproducción por escallo.